



VANE SOTELO, BEGOÑA FERNÁNDEZ E CRAT CORUÑA DE RUGBY, PREMIADAS NA IV GALA DO DEPORTE FEMININO GALEGO

❖ **O venres 22 de abril celebrarase a gala no Fogar dos Maiores de Allariz.**

A Coruña, 4 de abril de 2015. O próximo día 22 de abril celebrarase en Allariz a IV Gala do Deporte Feminino Galego, na que se premiará á mellor deportista, adestradora, entidades, xuíza ou clubs do ano 2015. Entre os premios destacan a xogadora de fútbol sala Vanessa Sotelo, a balonmanista Begoña Fernández ou o CRAT Coruña Rugby.

A cita é o **22 de abril** (20:00 horas) no salón do **Fogar dos Maiores** de Allariz (Campo da Barreira, 3), nun evento que é posible grazas a colaboración do Concello do Allariz. Con este acto, Mudegá busca lograr que os éxitos do deporte feminino, que son moitos e moi importantes, sexan recoñecidos pola sociedade.

O pasado sábado 2 de abril reuniuse o xurado (formado por representantes de federacións deportivas, xornalistas, deportistas, Concello do Allariz e a propia asociación Mudega) para estudar as candidaturas presentadas tanto por federacións coma clubs ou persoas a nivel particular. Hai que destacar o gran número de candidaturas presentadas e o enorme nivel deportivo existente, que dificultou moito o traballo do xurado para decidir os premios. Entre as candidaturas, había deportistas cun curriculum espectacular, medallistas mundiais, olímpicas, clubs cunha longa historia, xente nova que comeza con magníficos resultados...



Así, a xogadora do Cidade de As Burgas, **Vanessa Sotelo**, (medalla de bronce e bota de ouro no Mundial de fútbol sala feminino 2015, top 10 mundial) foi elixida mellor deportista galega, mentres que o mellor equipo é o **CRAT Coruña Rugby**, que logrou o título de campión da División de Honra feminina. O xurado foi unánime ao outorgar o premio a mellor traxectoria deportiva á recentemente retirada xogadora de balomán **Begoña Fernández**, que conta cun curriculum espectacular tanto no seu club coma na selección española: 181 partidos coa selección española, 7 ligas, 5 copas da Raíña, subcampioa da Champions League, prata no Europeo, bronce no Mundial e nos Xogos de Londres

A adestradora de patinaxe **Rosa María García** foi elixida como a mellor adestradora do ano polo espectacular traballo que está a realizar cos rapaces e rapazas que adestra, onde están acadando medallas a nivel internacional (Manuela Vila, campioa de Europa de patinaxe artística infantil; Lucía Fernández, campioa de Europa alevín; Lucas Yáñez, subcampión de Europa alevín, entre outras). Ademais, **Yolanda Parga** (árbitra de fútbol) acadou o premio á mellor xuíza do ano 2015. Parga participou no Mundial de Fútbol Feminino do 2015 e foi unha das asistentes na final do Mundial. **Nuria Rodríguez Suárez**, presidenta da Federación Galega de Salvamento, foi elixida mellor directiva polo seu traballo a prol da igualdade. Na actualidade esta federación ten máis licenzas femininas no deporte base e no cómputo xeral, as mulleres teñen a mesma presenza que os homes.

Na categoría de mellor iniciativa a prol do deporte feminino, o xurado apostou polo **Club Ciclista Cidade de Lugo**, que creou recentemente un equipo feminino. A empresa **Envialia**, patrocinadora do Ourense de fútbol



sala feminino dende a tempada 2007/08, é a entidade privada máis colaboradora do deporte feminino, mentres que a **o Concello do Porriño** foi elixida como a mellor entidade pública, pola súa aposta polo deporte feminino. Hai que destacar que é a segunda vez que este concello é recoñecido por Mudegá, o cal debería ser un toque de atención para o resto das institucións públicas, que apenas reciben candidaturas ante a falta de apoio ao deporte feminino

O premio para o xornalista/medio de comunicación amigo correspondeulle a **Alfonso Hermida**, da TVG, pola súa atención aos méritos realizados polas nosas deportistas, sen importar o sexo. A mellor deportista promesa é a xogadora **María Pérez Araujo** (campioa de Europa sub 18 de baloncesto feminino) e **Susana Rodríguez Gacio** (bronce no Mundial de paratrátlon, prata no Mundial de Acuatlón, campioa de Europa de dúatlon e clasificada para os Xogos de Río) foi elixida mellor deportista con discapacidade do ano 2015.

No transcurso da gala, tamén se entregarán tres mencións especiais: a **Paco Araújo** (presidente do Celta de baloncesto feminino dende o 2001 ata 2016, recentemente falecido) polo seu inxente traballo a prol do baloncesto feminino; a **Marta Brañas**, primeira campioa de España profesional de boxeo e ao **Calasancias de Voleibol**, por integrar a unha deportista transexual na plantilla dun dos equipos do club, marcando un fito histórico para o deporte feminino.

**A continuación tede a lista de premiados/as*



PREMIOS IV GALA DO DEPORTE FEMININO GALEGO	
Mellor deportista	Vanessa Sotelo
Mellor deportista con discapacidade	Susana Rodríguez Gacio
Mellor traxectoria	Begoña Fernández Molinos
Medios de comunicación/xornalista	Alfonso Hermida
Mellor adestrador/a	Rosa M ^a García Rodríguez
Mellor árbitra/xuiza	Yolanda Parga
Iniciativa a prol do deporte feminino	Club Ciclista Lugo
Entidade privada amiga	Envialia
Entidade pública máis comprometida	Concello do Porriño
Directiva máis comprometida	Nuria Rodríguez Suárez
Mellor equipo	CRAT Coruña
Premio a mellor deportista promesa	María Pérez Araujo
Mencións especiais	Paco Araujo
	Calasancias de voleibol
	Marta Brañas